

**MODELO DE TRANSFERENCIA DE EMPRESAS A MOZAS E MOZOS**  
**EMPREENDEDORES**

**A Dirección Xeral de Xuventude por en marcha un modelo de transferencia de empresas a mozas e mozos emprendedores.**

**DESCRICIÓN**

O proxecto **JOVENS EMPREENDEDORES NA EUROPA – “JE\_EU”** está financiado pola Comisión Europea no marco do programa de Aprendizaxe Permanete (PAP) referido o subprograma Leonardo da Vinci (Transferencia de Innovación - TOI) e promovido pola Dirección Xera de Xuventude e Voluntariado xunto coa Associação Empresarial da Região de Viseu (Portugal) e coa colaboración de Integra Consultoría Coruña e Globaladamastor Formação e Consultoría.

O proxecto está baseado na experiencia piloto levada a cabo na rexión de Lombardía (Italia) promovida pola “Istituzione dei Distretti Industriali della Provincia di Arezzo” patrocinada pola Camara de Comercio de Arezzo.

Pretende favorecer a continuidade da actividade de empresas locais relacionadas con produtos artesanais ou de oficios que poderían desaparecer, dotando dos útiles necesarios para a transferencia a todos aqueles interesados ou interesadas en continuar coa empresa. Preténdese contactar con todas as persoas empresarias interesadas en transferir a súa empresa e ao mesmo tempo coas personas interesadas en recibilas co obxectivo de dar continuidade á empresa baixo a dirección da nova persoa emprendedora.

Este proxecto permite a elaboración de tódolos instrumentos necesarios para a transferencia de empresas e ao mesmo tempo a formación e a monitorización da nova persoa emprendedora no inicio da súa actividade.

Os obxetivos do proxecto son:

- Fomentar a transmisión de empresas para novos profesionais emprendedores guiando os primeiros pasos da acción emprendedora e potenciando a viabilidade e competitividade da empresa transferida.
- Contribuir no reforzo ao asentamento da pequena e mediana empresa local loitando contra a desaparición de empresas tradicionais.
- Apoiar os procesos de innovación tecnolóxica e organizativa nos segmentos empresariais menos desenvolvidos tecnoloxicamente.
- Reforzar positivamente as iniciativas emprendedoras da xuventude en especial no sector feminino.
- Potenciar unha visión nacional e transnacional de empresas tradicionalmente locais.

### **A quen vai dirixido**

- A toda persoa que teña unha empresa que desexe transferirla.
- A toda persoa que desexe recibir en transferencia unha empresa, sexa familiar ou non.

### **Que debe facer**

- Cubrir a formulario de inscrición anexo e envialo entre as 00.00 horas do 1 de xuño 2012 e as 24.00 horas do 1 de xullo 2012.
- Participar nas xornadas formativas no momento que se indique.

Entre todas as solicitudes recibidas, tanto de empresa como emprendedor/a, terán prioridade aquelas que desenvolvan oficios con tendencia a desaparecer, que favorezan o desenvolvemento local donde estén ubicadas, as que activen o emprego xuvenil e en xeral toda iniciativa emprendedora que sexa innovadora.

Tódolos solicitantes serán notificados por correo electrónico ou teléfono de contacto a partir do día 2 de xullo de 2012.

As empresas e persoas seleccionadas recibirán formación e serán guiadas nos trámites e procesos de asentamento da nova actividade empresarial por un período inicial dun ano coa posibilidade de participar nunha rede creada para os efectos.

### **Máis información:**

[galeuropa@xunta.es](mailto:galeuropa@xunta.es)

tfno. 881 999 567 (08:00h-15:00h)